

Resolución do 20 de maio de 2024, do tribunal designado pola Resolución do 3 de abril de 2024 (DOG núm. 70, do 10 de abril) para cualificar o proceso selectivo unitario para a provisión, mediante contrato laboral temporal, de postos de auxiliares de policía local, convocado pola Orde do 12 de marzo de 2024, pola que modifican os anexos publicados con data 16 de maio de 2024.

Con data 18 de maio de 2024, este tribunal publicou a resolución final deste proceso selectivo para a cobertura de postos de auxiliares de policía local en cuxos anexos constituían as listaxes de persoas aprobadas e de reserva.

Recibidas alegacións a dita listaxes, advertido erro na configuración do mesmo nos casos de empate da cualificación do tipo test, en relación aos tempos efectuados na proba de carreira de 1000 metros, este tribunal, rectifica as listaxes publicas e ACORDA por unanimidade:

- Publicar como Anexo I a esta resolución a listaxe definitiva de persoas aprobadas por orde decrecente de puntuación.
- Publicar como Anexo II, por orde decrecente de puntuación, a listaxe de reserva de persoas aspirantes, que aínda que superaron as probas do proceso, non resultaron aprobadas por obter unha puntuación inferior a da última persoa que obtivo posto.

Tal e como establecen a orde de convocatoria deste proceso na base 5.9, os acordos adoptados polo tribunal do proceso poderán ser obxecto de recurso de alzada ante a persoa titular da Dirección Xeral da Academia Galega de Seguridade Pública, nos termos previstos nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro

Na data da sinatura electrónica

A Presidenta do Tribunal

Maria Rey Rivera

